

CONTRATACIÓN DA OBRA “REHABILITACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE CARELLE E ENTORNO E ACONDICIONAMENTO DE EXTERIORES DO LOCAL SOCIAL DE POUSADA”.

OBRA INCLUÍDA NO PLAN PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Sobrado.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia: Secretaría.
 - 2) Domicilio: Plaza Portal, nº 1, Porta
 - 3) Localidade e código postal: Sobrado, 15813
 - 4) Teléfono: 981 787508
 - 5) Telefax: 981 787577
 - 6) Dirección de Internet do perfil de contratante: www.sobrado.es

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: obra
- b) Descrición: execución da obra contida no proxecto “Rehabilitación do local social de Carelle e entorno e acondicionamento de exteriores do local social de Pousada”.
- c) Prazo de execución: 2 meses.

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación ordinaria.
- b) Procedemento negociado. Modalidade de consulta: publicación dun anuncio no perfil de contratante.

4. Presuposto base de licitación: 34.180,76 € (IVE excluído), 41.358,72 € (IVE incluído).

5. Garantías esixidas. Definitiva: 5% do importe de adjudicación, IVE excluído.

6. Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e técnica:

- A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa nos grupos C), G), (subgrupo 6) categoría 1
- B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:
 - a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volumen anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
 - b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos dez últimos anos, acompañada de certificación de boa execución.

APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volumen anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

O valor estimado para efectos de cálculo de solvencia é o que se inidica no epígrafe 4 do cadro de características (anexo I).

7. Criterios de adxudicación e negociación: Os establecidos no anexo V do prego de cláusulas administrativas.

8. Presentación de ofertas:

- a) Prazo: 8 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello.

b) Lugar de presentación:

- Rexistro Xeral do Concello con domicilio en Plaza Portal, nº 1, Porta, 15813 Sobrado (A Coruña).
- En Oficina de Correos: Comunicación do envío por medio de oficina de correos

Nº de FAX da entidade contratante: 981 787577